



***Resolución do 19 de marzo de 2018, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se regula a convocatoria e selección de centros públicos de ensino non universitario da Comunidade Autónoma de Galicia para participar no programa “EduExchanges” de intercambio de alumnado con centros educativos doutros países da Unión Europea durante o curso 2017/2018.***

As políticas públicas educativas que se desenvolven no sistemas educativos da Unión Europea, sobre todo a partir do marco estratéxico para a cooperación europea no ámbito da educación e a formación (ET 2020), inciden na necesidade de desenvolver accións para a promoción do plurilingüismo no ensino ao considerar o coñecemento de linguas estranxeiras como unha fonte de riqueza non só a nivel cultural senón tamén para o desenvolvemento persoal, social e profesional do alumnado, ademais de fortalecer a construción dunha verdadeira cidadanía europea.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, en liña con estes propósitos, desenvolve actualmente a *Estratexia Galega de Linguas Estranxeiras 2020 -EDUlingüe-*, para o fomento e a mellora do plurilingüismo no ensino non universitario, na que se contemplan medidas e accións para mellorar a competencia lingüística en linguas estranxeiras do alumnado galego, entre as que se atopan aquelas que favorezan a internacionalización dos centros educativos e as mobilidades a nivel europeo e internacional.

Dentro das estratexias máis adecuadas para favorecer estes obxectivos se contempla a promoción dos intercambios entre alumnado de centros educativos galegos e alumnado de centros educativos do estranxeiro. Considerando que os intercambios escolares son un excelente recurso para a aprendizaxe activa de linguas estranxeiras, un xeito natural para favorecer a convivencia e un motor de impulso para crear e consolidar proxectos de cooperación educativa e asociacións entre centros escolares doutros países da Unión, esta Dirección Xeral

RESOLVE

***Primeira-. Obxecto e ámbito de aplicación.***

A presente resolución ten por obxecto convocar e seleccionar os centros públicos de ensino non universitario da Comunidade Autónoma de Galicia beneficiarios do programa de intercambio *EduExchanges* con alumnado de centros educativos doutros países da Unión Europea durante o curso 2017/2018.



### **Segunda.- *Ámbito temporal.***

Poderán beneficiarse desta convocatoria os centros educativos públicos que desenvolvan ou teñan desenvolto programas de intercambio entre o 1 de xaneiro de 2018 e o 30 de xuño de 2018.

### **Terceira.- *Perfil do alumnado participante.***

1. Pode participar no programa de intercambio o alumnado galego que estea matriculado no presente ano académico en 3º de ESO ou 4º de ESO.
2. O idioma de estudo obxecto do intercambio pode ser a Primeira ou a Segunda lingua estranxeira cursada polo alumno ou alumna.
3. O centro educativo é o encargado da selección do alumnado candidato ao intercambio. Cada centro escolar pode seleccionar un número máximo de 20 alumnos e alumnas participantes, sendo o mínimo esixible de 10. Excepcionalmente, tendo en conta as características do centro educativo, a Dirección Xeral pode autorizar un número inferior a 10 alumnos.

### **Cuarta.- *Compromisos dos centros educativos.***

1. Cada centro educativo participante no programa é responsable da selección das alumnas e alumnos candidatos. Así mesmo, elaborará unha ficha cos seus datos persoais e solicitará ás familias respectivas a aceptación dos compromisos e gastos derivados do programa así como as autorizacións ou consentimentos pertinentes debidamente asinados polos pais, nais ou representantes legais do alumnado, de acordo cos protocolos de actuación desta Consellería. Toda a documentación será custodiada nos centros. Estes datos non serán requiridos no caso de que o intercambio se realizara nunha data previa á da publicación da presente resolución.
2. A participación no programa de intercambio debe estar integrada na programación anual do curso e ser aprobada polo Consello Escolar, unha vez oído o Claustro de profesoras e profesores.
3. Os centros educativos seleccionados para participar no programa ocúpense dos aspectos organizativos do intercambio do alumnado galego planificando as actividades educativas e extraescolares que consideren oportunas.
4. O centro participante debe dispoñer dun profesor ou dunha profesora coordinadora do intercambio que se responsabiliza do desenvolvemento e seguimento do mesmo. A persoa coordinadora é interlocutora directa coas familias e co alumnado participante.



5. Os centros seleccionados deben ter concretadas as medidas necesarias para a integración do alumnado estranxeiro na vida educativa do centro durante a súa estancia en Galicia e contribuirán a que sexa unha experiencia enriquecedora para toda a comunidade educativa.
6. Durante a duración do intercambio, así como nas viaxes de ida e volta, o alumnado galego participante deberá estar acompañado polo persoal docente designado polo correspondente centro.
7. Os centros seleccionados encargaranse de que, durante a súa estancia no estranxeiro, os alumnos e alumnas galegos residan coa familia do seu homólogo estranxeiro e asistan a clase no centro docente do seu anfitrión ou anfitríoa.
8. Os centros participantes deberán subscribir unha póliza de accidentes e de responsabilidade civil para o alumnado e o profesorado durante a súa estancia no estranxeiro.

**Quinta-. *Compromisos das familias e do alumnado participante.***

1. En virtude do réxime de reciprocidade, a familia do alumnado participante comprométese a recibir na súa casa a un alumno doutro país, de maneira que non supoñerá gasto algún o aloxamento e manutención do alumnado, nin a asistencia ao centro educativo no estranxeiro.
2. No caso de que un alumno mostre condutas graves de indisciplina, así como cando teña que abandonar a actividade por causas non imputables á administración educativa, a familia do alumno/a deberá correr cos gastos que se deriven desta circunstancia.
3. O alumnado participante deberá cumprir coas características do programa e, salvo causa de forza maior xustificada, non poderá abandonar o programa unha vez que o comezara.
4. As familias asumirán o custo do transporte do alumnado que a dotación económica prevista non alcance sufragar, así como o diñeiro de peto, mentres os participantes se atopen no país de acollida.
5. A manutención e o desprazamento ata os aeroportos ou puntos de chegada e saída do país serán a cargo das familias do alumnado participante de xeito recíproco.
6. A organización e o custo do transporte do alumnado do domicilio aos centros educativos correrá a cargo das familias de acollida nos dous países.



7. Ademais da documentación de viaxe ordinaria (Pasaporte ou Documento Nacional de Identidade), as familias deben facilitarlle ao centro e á persoa coordinadora unha autorización expresa dos pais ou de quen exerza legalmente a patria potestade para saída de menores ao estranxeiro estendida nas dependencias da Garda Civil.

8. No caso de que non poida ter acceso á tarxeta sanitaria de cobertura europea (TSE), as familias deberán subscribir unha póliza de asistencia médica para o alumnado mentres estea no país de acollida.

#### **Sexta-. *Dotación económica.***

1. O financiamento das achegas máximas para o programa de intercambio en concepto de compensación de gastos efectuarase con cargo á partida orzamentaria 10.50.423A.229 por un importe máximo de 105 000 euros.

2. Haberá un máximo de 15 centros seleccionados de entre todos os centros candidatos. Cada centro seleccionado para o programa de intercambio recibirá a cantidade de 300 € por cada alumno/a participante e a cantidade de 1000 € para o total do profesorado acompañante. En calquera caso, a cantidade máxima adxudicada a cada centro non superará os 7 000 €.

3. A dotación económica determinada será transferida nun único pagamento á conta bancaria do centro participante no período correspondente ao exercicio económico 2018. O importe concedido a cada centro destinase a sufragar gastos de transporte, aloxamento e seguro de viaxe que serán debidamente xustificadas e imputables á participación neste programa.

4. Os gastos derivados do intercambio deberanse realizar antes do 30 de xuño de 2018 e serán debidamente xustificadas ante a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa. A xustificación de gasto consistirá nunha certificación da dirección do centro educativo na que consten a relación de gastos e as copias compulsadas das facturas. Esta xustificación achegarase xunto coa memoria, de acordo coa disposición décima da presente resolución.

5. A non entrega da xustificación de gasto no prazo establecido poderá ser causa de revogación das cantidades asignadas. O centro deberá realizar o reintegro da cantidade percibida sen prexuízo das responsabilidades que se lles poidan esixir.

#### **Sétima-. *Forma e prazo de presentación.***

1. Os centros que desexen beneficiarse do programa de intercambio deberán facer unha única solicitude segundo o modelo que se xunta como anexo I desta convocatoria. Esta solicitude irá acompañada do proxecto pedagóxico do intercambio e da folla de



autobaremação -anexo II-. O proxecto pedagógico cinguirase ao modelo que figura no anexo III da presente convocatoria.

2. Toda a documentación poderá presentarse en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. Así mesmo, remitirase copia do proxecto e dos anexos I e II (escaneados en formato PDF) ao correo electrónico [edulinguas@edu.xunta.es](mailto:edulinguas@edu.xunta.es) segundo os prazos establecidos.

3. Unha vez recibida a solicitude de participación no programa de intercambio de alumnado, a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa solicitará o informe pertinente á Inspección Educativa.

4. O prazo de presentación de solicitudes será de dez días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación da presente convocatoria no Portal Educativo <http://www.edu.xunta.gal>.

#### **Oitava-. Procedemento de valoración das solicitudes.**

1. A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria valorará as solicitudes recibidas mediante unha comisión que estará presidida pola persoa titular da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, ou persoa en quen delegue, e integrada polas persoas titulares da Subdirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa e Formación do Profesorado, do Servizo de Ordenación, Innovación e Orientación Educativa, así como dous asesores ou asesoras técnicas da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, un dos cales realizará as funcións de secretaría.

2. A comisión de selección realizará unha selección dos centros solicitantes conforme os criterios que figuran no anexo II. En caso de producirse un empate, terá preferencia o centro que teña maior puntuación no criterio 7 do anexo II.

#### **Novena-. Resolución provisional.**

1. Valoradas as solicitudes, a dirección xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa publicará no Portal Educativo <http://www.edu.xunta.gal> a listaxe provisional de centros beneficiarios do programa de intercambio.

2. Abrirase un prazo de cinco días hábiles, a partir do día seguinte ao da publicación, para efectuar reclamacións ou renuncias ante a persoa que exerza a presidencia da comisión.



### **Décima-. *Resolución definitiva.***

1. Transcurrido o prazo de reclamacións, a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa fará pública no Portal Educativo <http://www.edu.xunta.gal> a listaxe definitiva de centros autorizados.
2. Contra esa resolución, que non esgota a vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpor recurso de alzada ante a persoa titular da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia, segundo o disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

### **Décimo primeira-. *Xustificación da actividade.***

Rematadas as dúas fases do intercambio, e no prazo máximo de 20 días hábiles, os centros participantes deberán presentar ante a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa a seguinte documentación:

1. Memoria da actividade, cunha extensión máxima de 10 páxinas, segundo o modelo que figura no anexo IV.
2. Certificación da dirección do centro onde se fagan constar o nome do centro de acollida no estranxeiro, as datas exactas da duración do intercambio, o nome e curso dos alumnos participantes e os nomes da persoa coordinadora e do profesor ou profesora acompañante.
3. Xustificación de gasto (segundo consta no apartado 6.4).

### **Décimo segunda-. *Certificación de participación do profesorado***

Unha vez rematado o intercambio e entregados os documentos, segundo o disposto no apartado décimo primeiro da presente convocatoria, o profesorado coordinador do programa recibirá un certificado de innovación educativa cunha equivalencia de 20 horas de formación permanente do profesorado. O profesorado acompañante recibirá unha certificación de 10 horas.

### **Décimo terceira-. *Datos de carácter persoal.***

De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos na tramitación desta resolución, cuxo tratamento e publicación autorízase polas persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes, serán incluídos nun ficheiro denominado Relacións administrativas coa cidadanía e entidades, cuxo obxecto é xestionar o presente procedemento así como



informar as persoas interesadas sobre o seu desenvolvemento. O órgano responsable deste ficheiro é a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: Edificio Admvo. San Caetano s/n, 15781 Santiago de Compostela, ou a través dun correo electrónico a [sxt.cultura.educacion@xunta.es](mailto:sxt.cultura.educacion@xunta.es).

Santiago de Compostela, 19 de marzo de 2018.

Manuel Corredoira López

Director Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa